

SEPE

Transferencia da Xestión das prestacións por desemprego

06/03/2026

Hoxe, o BOE publica xa a transferencia da xestión das prestacións por desemprego a Euskadi. Mentres tanto, na Galiza seguimos a ver o tren pasar dende a vía.

Dende aquí, denunciámos a desidia e a falta de capacidade do noso goberno autonómico. Xa sexa por incapacidade ou por non querer asumir responsabilidades nos ten como unha sucursal de Madrid.

¿Como queda o persoal en Euskadi? Así queda a situación no País Vasco segundo a información oficial do SEPE:

- Transfírense case todos os postos da RPT, pero o persoal titular pode elixir **voluntariamente** se desexa ou non ser transferido.
- persoal que pase seguirá sendo funcionario da Administración Xeral del Estado mantendo todos os seus dereitos de carreira. A transferencia faise respectando o posto en propiedade e o nivel real (se es titular dun nivel 22, vas con nivel 22).
- Nin se toca a xubilación voluntaria aos 60 anos con 35 de servizo, nin se altera o réxime de MUFACE ou Clases Pasivas para as persoas que o teñen.
- Antigüidade: Recoñeceranse todos os trienios e o grao persoal consolidado que se traía do Estado.

Esiximos un servizo de emprego galego, onde os traballadores e traballadoras teñamos as mesmas garantías pero decidindo dende a nosa terra, sen intermediarios.

¡POR UN SEPE GALEGO E UN GOBERNO QUE EXERZA!